

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**1868** *Real decreto 80/2014, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.*

Coa entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, estableceuse unha nova estrutura das ensinanzas e títulos universitarios españois en consonancia cos obxectivos establecidos para a construción do Espazo Europeo de Educación Superior, entre os cales se encontran os que dan acceso aos títulos superiores de mariña civil. Tal modificación, así como as últimas emendas ao Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente do mar, 1978 (Convenio STCW), obrigan a modificar a normativa preexistente, de modo que os títulos profesionais que dan acceso ás profesións marítimas recollan adecuadamente os coñecementos necesarios. No presente real decreto preténdese recoñecer, xunto cos antigos estudos universitarios a extinguir, os correspondentes títulos de grao e máster.

Por outro lado, mediante o artigo 23 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, procedeuse á modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e que actualmente figura no Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, o que afectou directamente o Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

Así mesmo, o Goberno do Reino de España ratificou recentemente o Convenio da Organización Internacional do Traballo sobre documentos de identidade da xente do mar, número 185/2003, o que fai necesario incluír as previsións contidas nos seus preceptos na normativa reguladora dos documentos de identidade dos mariños profesionais.

Por último, considerouse oportuno levar a cabo o axuste doutros aspectos do Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, para adecualo á realidade actual do sector marítimo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de febreiro de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.*

O Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante, queda modificado do seguinte modo:

Un. O número 1.a) do artigo 5 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título universitario oficial de licenciado en Náutica e Transporte Marítimo ou dos correspondentes títulos de grao e máster no dito ámbito.»

Dous. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:

«2. Atribucións:

- a) Mando de buques civís dedicados a calquera clase de navegación sen limitación. Para o mando de buques pesqueiros observarase a lexislación vixente.
- b) Exercer de primeiro oficial de ponte ou oficial de ponte en buques civís sen limitación.
- c) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Tres. Engádeselle ao número 2 do artigo 6 unha nova alínea d) coa seguinte redacción:

«d) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Catro. O número 1.a) do artigo 7 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado en Navegación Marítima ou licenciado en Náutica e Transporte Marítimo ou dun título de grao no dito ámbito.»

Cinco. Engádeselle ao número 2 do artigo 7 unha nova alínea c) coa seguinte redacción:

«c) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Seis. O número 1.a) do artigo 8 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título de formación profesional de técnico superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura.»

Sete. O número 2 do artigo 8 queda redactado como segue:

«2. Atribucións:

- a) Exercer como primeiro oficial e oficial de ponte en buques civís cun arqueo bruto non superior a 1.600 GT, ou para buques con arqueo bruto de ata 3.000 GT, se as prácticas se realizaron como alumno montando garda de navegación.
- b) Poderá exercer, en navegacións próximas á costa, como patrón en buques civís cun arqueo bruto non superior a 500 GT e unha capacidade máxima de 350 pasaxeiros. Para isto deberá acreditar un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de ponte. Para o mando de buques pesqueiros observarase a lexislación vixente.
- c) Para exercer como oficial de ponte en buques civís sen limitación, deberá acreditar un período de embarque non inferior a 24 meses como oficial de ponte en buques de arqueo bruto entre 100 e 1.600 GT.
- d) Exercer como patrón en buques civís cun arqueo bruto non superior a 1.600 GT. Para isto deberá acreditar un período de embarque non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses se acredita o exercicio profesional de capitán ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses. Para o mando de buques pesqueiros observarase a lexislación vixente.»

Oito. O número 1.a) e b) do artigo 9 queda redactado como segue:

- «a) Estar en posesión do título de formación profesional de técnico en Navegación e Pesca de Litoral.
- b) Ter feitos 19 anos de idade.»

Novo. O número 2 do artigo 9 queda redactado como segue:

«2. Atribucións:

a) Exercer como oficial de ponte en buques civís cun arqueo bruto non superior a 1.600 GT.

b) Poderá exercer como patrón ou de primeiro oficial de ponte en buques civís cun arqueo bruto non superior a 200 GT e unha capacidade máxima de 250 pasaxeiros, en navegacións realizadas ao longo da costa dentro da zona abranguida entre esta e a liña de 30 millas paralela a ela. Para isto deberá acreditar un período de embarque en buques non inferior a 12 meses como oficial de ponte. Para o mando de buques pesqueiros observarase a lexislación vixente.

c) Exercer como patrón ou primeiro oficial de ponte en buques civís cun arqueo bruto non superior a 700 GT, en navegacións próximas á costa. Para isto deberá acreditar un período de embarque en buques non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses se acredita o exercicio profesional de patrón ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses. Para o mando de buques pesqueiros observarase a lexislación vixente.»

Dez. O número 1.a) e b) do artigo 10 queda redactado como segue:

«a) Superar o curso e as probas prácticas aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, cuxo contido estará de acordo coas normas da sección A-II/3 do Código STCW ou estar en posesión dun título ou dun curso de especialización de formación profesional ou estar en posesión dos correspondentes certificados de profesionalidade que inclúan a formación requirida para a obtención da titulación profesional de patrón portuario.

b) Ter feitos 20 anos de idade ou 19 no caso de estar en posesión dun título ou dun curso de especialización de formación profesional dos indicados na alínea anterior.»

Once. O número 1.a) do artigo 11 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título universitario oficial de licenciado en Máquinas Navais ou dos correspondentes títulos de grao e máster no dito ámbito.»

Doce. O número 2 do artigo 11 queda redactado como segue:

«2. Atribucións:

a) Exercer de xefe de máquinas, primeiro oficial ou oficial de máquinas, en buques civís sen limitación de potencia.

b) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Trece. Engádeselle ao número 2 do artigo 12 unha nova alínea c) coa seguinte redacción:

«c) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Catorce. O número 1.a) do artigo 13 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado ou licenciado en Máquinas Navais ou dun título de grao no dito ámbito.»

Quince. Engádeselle ao número 2 do artigo 13 unha nova alínea d) coa seguinte redacción:

«d) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Dezaseis. O número 1.a) do artigo 14 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título académico de técnico superior en Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque, ou do título de formación profesional que o substitúa, ou do título de técnico especialista da rama Marítimo-Pesqueira, especialidade Mecánica Naval.»

Dezasete. O número 1.a) do artigo 14 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título académico de técnico superior en Organización do Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións.»

Dezaoito. O número 2 do artigo 14 queda redactado como segue:

«2. Atribucións:

a) Exercer de oficial de máquinas e primeiro oficial de máquinas en buques civís de potencia propulsora non superior a 3.000 kW.

b) Exercer como oficial de máquinas en buques civís de potencia propulsora superior a 3.000 kW, cando se acredite ter realizado un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de máquinas en buques de potencia propulsora entre 500 e 3.000 kW. Igualmente poderá exercer como primeiro oficial de máquinas en buques civís de potencia propulsora ata 6.000 kW cando, ademais de cumprir cos requisitos e condicións de embarque sinalados anteriormente neste parágrafo, se acredite a superación dun curso nun centro de formación autorizado para impartir o título de técnico superior en Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque.

A duración e as materias que se impartirán no curso serán establecidas por resolución do director xeral da Mariña Mercante.

c) Exercer como xefe de máquinas en buques civís de potencia propulsora menor de 750 kW.

d) Exercer como xefe de máquinas en buques civís cunha potencia propulsora non superior a 3.000 kW cando, ademais de cumprir cos requisitos do número 1 deste artigo, se acredite un período de embarque como oficial de máquinas non inferior a 24 meses en buques de potencia propulsora entre 500 e 3.000 kW, dos cales polo menos 12 meses os debe ter cumprido desempeñando o cargo de primeiro oficial de máquinas.

e) Exercer como xefe de máquinas en buques civís de potencia propulsora non superior a 6.000 kW cando, ademais de cumprir cos requisitos e condicións de embarque sinalados na alínea d) anterior, se acredite ter superado un curso nun centro de formación autorizado para a impartición do título de técnico superior en Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque. A duración e as materias que se impartirán no curso serán establecidas por resolución do director xeral da Mariña Mercante.»

Dezanove. O número 1.a) do artigo 15 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título de formación profesional técnico en Mantemento e Control da Maquinaria de Buques e Embarcacións.»

Vinte. O número 2 do artigo 15 queda redactado como segue:

«2. Atribucións:

a) Exercer de oficial de máquinas e de primeiro oficial de máquinas en buques civís de potencia propulsora non superior a 3.000 kW.

b) Exercer de oficial de máquinas en buques civís de potencia propulsora non superior a 6.000 kW cando, ademais de ter superado os requisitos e condicións de embarque sinalados no número 1 deste artigo, se acredite a superación dun curso nun centro de formación autorizado para impartir o título de técnico en Operación, Control e Mantemento de Máquinas e Instalacións do Buque.

A duración e as materias que se impartirán no curso serán establecidas mediante resolución do director xeral da Mariña Mercante.

c) Exercer como xefe de máquinas en buques civís de potencia propulsora igual ou inferior a 1.400 kW. Para isto deberá acreditar un período de embarque non inferior a 24 meses como oficial de máquinas, dos cales polo menos 12 meses debe ter desempeñado o cargo de primeiro oficial de máquinas.»

Vinte e un. O número 1.a) do artigo 16 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título universitario oficial de licenciado en Radioelectrónica Naval ou dos correspondentes títulos de grao e máster no dito ámbito.»

Vinte e dous. Engádeselle ao número 2 do artigo 16 unha nova alínea e) coa seguinte redacción:

«e) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Vinte e tres. O número 1.a) do artigo 17 queda redactado como segue:

«a) Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado ou licenciado en Radioelectrónica Naval ou dun título de grao no dito ámbito.»

Vinte e catro. O número 1.b) do artigo 17 queda redactado como segue:

«b) Ter desenvolvido un período de prácticas non inferior a seis meses, dos cales polo menos tres meses deberán ser realizados en estacións de radiocomunicacións marítimas a bordo ou instaladas en terra e o resto en empresas, fábricas ou instalacións relacionadas co sector das radiocomunicacións.»

Vinte e cinco. Engádeselle ao número 2 do artigo 17 unha nova alínea e) coa seguinte redacción:

«e) Exercer profesionalmente todas as actividades vinculadas á súa profesión marítima.»

Vinte e seis. O número 1.a) do artigo 18 queda redactado como segue:

«a) Superar o curso e as probas prácticas aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, cuxo contido estará de acordo coas normas da sección A-II/4 do Código STCW, ou estar en posesión dun título ou un curso de especialización de formación profesional que conteña a dita formación.»

Vinte e sete. O número 1.a) do artigo 19 queda redactado como segue:

«a) Superar o curso e as probas prácticas aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, cuxo contido estará de acordo coas normas da sección A-III/4 do código STCW ou estar en posesión dun título ou dun curso de especialización de formación profesional que conteña esta formación.»

Vinte e oito. O número 2 do artigo 23 queda redactado como segue:

«2. As probas de idoneidade profesional limitaranse a verificar o exacto e completo coñecemento das normas de garda contidas no capítulo VIII do Convenio STCW e do Código STCW. Para isto un tribunal, nomeado tal e como se indica na disposición adicional décimo quinta, comprobará que o aspirante realizou as súas prácticas de navegación ou de máquinas, conforme os requisitos da sección A-II/1 e A-III/1 do Código STCW, e que estas se efectuaron baixo a dirección dun oficial titor en cada buque en que embarque en prácticas. Os diversos oficiais titores deberán emitir informe sobre que, ao seu xuízo, o aspirante realizou as prácticas con aproveitamento e dedicación.

Así mesmo, comprobarase que se cubriron os correspondentes cadernos de formación e que, nos que correspondan aos alumnos de ponte, se realizaron polo menos seis meses en actividades da garda de navegación.»

Vinte e nove. O número 4 do artigo 25 queda redactado como segue:

«4. Sen prexuízo do sinalado no punto anterior, os alumnos poderán embarcar en buques de bandeira española ou estranxeira para a realización das súas prácticas regulamentarias en condicións distintas ás mencionadas, sempre que contén polo menos cos seguros correspondentes.

Os programas formativos de formación profesional ou universitarios gozarán da mesma protección que os contratos formativos, coas mesmas limitacións temporais, e os entes e empresas que os financien deberán cotizar á Seguridade Social polos beneficiarios neles tan pronto como se desenvolva normativamente o Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións.»

Trinta. O número 7 do artigo 25 queda redactado como segue:

«7. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, mediante o oportuno convenio de colaboración, poderá designar como buques escola aqueles buques mercantes españois que poidan levar como mínimo dous alumnos. De igual forma, poderanse designar aqueles buques do Espazo Económico Europeo que realicen funcións de buques escola ou sexan, logo de solicitude, designados como tales pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.»

Trinta e un. O número 2 do artigo 35 queda redactado como segue:

«2. En cumprimento do Convenio da Organización Internacional do Traballo sobre documentos de identidade da xente do mar número 108/1958 ou aqueles que o substitúan, o caderno marítimo expediráselles aos cidadáns españois posuidores de títulos profesionais de mariña mercante, ou de pesca ou do certificado de formación básica, que o soliciten, conforme o establecido na normativa de implantación do citado convenio.»

Trinta e dous. O número 3 do artigo 38 queda redactado como segue:

«3. Os cidadáns do Espazo Económico Europeo que non teñan nacionalidade española e posúan un título profesional con atribucións suficientes, expedido por un Estado membro, unha vez superada a proba de coñecemento da lexislación marítima española, poderán exercer o mando de buques mercantes nacionais, agás nos supostos en que a Administración marítima estableza que estes empregos deben ser desempeñados por cidadáns de nacionalidade española por implicar o exercicio efectivo de forma habitual de prerrogativas de poder público que non representen unha parte moi reducida das súas actividades, tal e como establece o artigo 253.2 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.»



Trinta e tres. A disposición adicional cuarta modifícase nos seguintes termos:

1. A rúbrica substitúese pola seguinte: «Titulados de formación profesional de lexislacións educativas anteriores á actualmente vixente».

2. Introdúcese un novo número 1 que queda redactado nos termos seguintes, de modo que os actuais números 1 e 2 pasarán a ser o 2 e 3:

«1. As titulacións académicas declaradas equivalentes polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte aos títulos de formación profesional que se establecen no presente real decreto, como requisito para a obtención de determinadas titulacións profesionais, terán a mesma validez para a súa obtención.»

3. As alíneas a) e b) do número 3 quedan redactadas como segue:

«a) Os posuidores do título de patrón maior de cabotaxe poderán obter a tarxeta profesional de patrón de altura da mariña mercante se acreditan ter navegado exercendo de primeiro oficial ou patrón en buques civís maiores de 100 GT durante un período non inferior a vinte e catro meses, con posterioridade á obtención do título de patrón maior de cabotaxe.

b) Os posuidores do título de patrón de cabotaxe poderán obter a tarxeta profesional de patrón de litoral da mariña mercante se acreditan ter navegado exercendo de primeiro oficial ou patrón en buques civís maiores de 100 GT durante un período non inferior a vinte e catro meses, con posterioridade á obtención do título de patrón de cabotaxe.»

Trinta e catro. O número 1 da disposición adicional sexta queda redactado como segue:

«1. Os posuidores da tarxeta profesional de pesca de patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca serán autorizados pola capitanía marítima correspondente para exercer o goberno de embarcacións mercantes e ata un máximo de 150 persoas en buques de pasaxe, incluíndo a polivalencia, ou a xefatura da máquina cos límites que se indican a seguir:

a) Patrón costeiro polivalente: goberno de embarcacións mercantes de ata 24 metros de eslora entre perpendiculares e 400 kW de potencia efectiva da máquina, en augas interiores. Poderá exercer a xefatura da máquina en buques de ata 400 kW de potencia efectiva nun motor ou en dous ou máis motores.

b) Patrón local de pesca: goberno de embarcacións mercantes de ata 12 metros de eslora entre perpendiculares e 100 kW de potencia efectiva da máquina, en augas interiores. Poderá exercer a xefatura da máquina de ata 100 kW nun motor ou dous ou máis motores.»

Trinta e cinco. Engádesse unha disposición adicional décimo primeira co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo primeira. *Sobre os requisitos de calidade das escolas e facultades.*

As escolas e facultades autorizadas para a impartición dos estudos universitarios que dan dereito á obtención do grao e do máster nas súas distintas especialidades que permiten obter os títulos profesionais marítimos de capitán da mariña mercante, piloto de primeira da mariña mercante, piloto de segunda da mariña mercante, xefe de máquinas da mariña mercante, oficial de máquinas de primeira da mariña mercante, oficial de máquinas de segunda da mariña mercante, oficial radioelectrónico de primeira da mariña mercante e oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante deberán cumprir cos requisitos mínimos de calidade,

coa realización de auditorías independentes e coa remisión da información á Dirección Xeral da Mariña Mercante, tal e como se establece nos artigos 20, 21 e 22 deste real decreto.»

Trinta e seis. Engádesse unha disposición adicional décimo segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo segunda. *Sobre a adecuación dos plans de estudos ao Convenio STCW.*

O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, comprobará, mediante as inspeccións que considere oportunas, a adecuación dos diferentes graos e másters aos contidos do Convenio STCW-78/95 e as súas modificacións.»

Trinta e sete. Engádesse unha disposición adicional décimo terceira co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo terceira. *Recoñecemento das prácticas.*

Cando os períodos de prácticas que se indican nos artigos 7, 13 e 17 deste real decreto estean incluídos nos títulos universitarios de grao que dan dereito á obtención dos títulos profesionais de piloto de segunda da mariña mercante, oficial de máquinas de segunda da mariña mercante e oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante, e estes se realicen conforme o disposto nas seccións correspondentes do Código STCW, A-II, A-III e A-IV, serán recoñecidos para a obtención do correspondente título profesional.

Para isto, no momento da súa finalización ou, polo menos, dúas veces ao ano un tribunal nomeado para o efecto pola escola ou facultade onde realizou os estudos de grao, formado por tres membros e do cal forman parte, como vogais, un profesor da escola, un funcionario en activo adscrito á Dirección Xeral da Mariña Mercante ou dos seus servizos periféricos e un vogal designado polo Colexio de Oficiais da Mariña Mercante, comprobará e certificará a súa realización.

Todos os vogais estarán en posesión dun título profesional superior da respectiva especialidade. O vogal da Dirección Xeral da Mariña Mercante actuará como presidente e un dos outros dous vogais como secretario.»

Trinta e oito. Engádesse unha disposición adicional décimo cuarta co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Admisión de períodos de prácticas.*

Cando non inclúan nos seus plans de estudos as prácticas que se indican nos artigos 7, 13 e 17 deste real decreto e estas se realicen con posterioridade á obtención do título de grao, conforme o disposto nas seccións correspondentes do Código STCW, A-II, A-III e A-IV, serán admitidas para a obtención do correspondente título profesional.

Para isto, no momento da súa finalización ou, polo menos, dúas veces ao ano un tribunal nomeado para o efecto pola escola ou facultade onde realizou os estudos de grao, formado por tres membros e do cal forman parte, como vogais, un profesor da escola, un funcionario en activo adscrito á Dirección Xeral da Mariña Mercante ou dos seus servizos periféricos e un vogal designado polo Colexio de Oficiais da Mariña Mercante, comprobará e certificará a súa realización.

Todos os vogais estarán en posesión dun título profesional superior da respectiva especialidade. O vogal da Dirección Xeral da Mariña Mercante actuará como presidente e un dos outros dous vogais como secretario.»



Trinta e nove. Engádesse unha disposición adicional décimo quinta co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo quinta. *Sobre o tribunal para a realización das probas de idoneidade.*

1. Probas de idoneidade para os títulos de piloto de segunda da mariña mercante e de oficial de máquinas de segunda da mariña mercante. As probas de idoneidade a que se refire o artigo 23 serán realizadas nas escolas ou facultades onde se realizaron os estudos conducentes á obtención da titulación aos que se lles exige a dita proba.

Para a realización da citada proba, os centros, escolas e facultades que correspondan constituirán os respectivos tribunais, de acordo co seguinte esquema:

O tribunal estará formado por tres membros: un profesor da escola, un funcionario en activo adscrito á Dirección Xeral da Mariña Mercante ou dos seus servizos periféricos e un vogal designado polo Colexio de Oficiais da Mariña Mercante. Este tribunal comprobará e certificará a superación da proba de idoneidade. Todos os vogais estarán en posesión dun título profesional superior da respectiva especialidade. O vogal da Dirección Xeral da Mariña Mercante actuará como presidente e un dos outros dous vogais como secretario.

Estas probas débense celebrar, polo menos, catro veces ao ano. En ambos os casos, o tribunal nomeado para realizar as probas de idoneidade poderá ser o mesmo que se nomeou para comprobar e certificar a realización dos períodos de prácticas regulamentarias.

2. Probas de idoneidade para os títulos de patrón de altura, patrón de litoral, mecánico maior naval e mecánico naval. As probas de idoneidade a que se refire o artigo 23 serán xulgadas por un tribunal e realizadas en calquera escola ou centro onde se realicen os estudos conducentes á obtención da titulación aos que se lles exige a dita proba.

Os tribunais que xulgarán estas probas serán nomeados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante. Estarán compostos por un presidente, un secretario e tres vogais. Todos os membros do tribunal deberán estar en posesión dunha titulación profesional igual ou superior á daqueles aos que realicen a proba de idoneidade e, polo menos, tres dos seus compoñentes pertencerán á mesma sección que os candidatos.

O presidente, o secretario e un vogal serán funcionarios propostos pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e os outros dous vogais serán profesores da escola e propostos pola propia escola.

Así mesmo, será nomeado igual número de membros suplentes que o de titulares, cuxas características serán idénticas ás destes.

Estas probas débense celebrar, polo menos, dúas veces ao ano.»

Corenta. Engádesse unha disposición adicional décimo sexta co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo sexta. *Sobre a expedición e referendo do título profesional.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante, á vista do certificado de ter superado as probas de idoneidade, cando tal proba sexa obrigatoria, e da certificación de ter realizado as prácticas obrigatorias, do certificado do centro ou escola en que manifeste que obtivo o grao ou o título que corresponda e de ter superado o recoñecemento médico de embarque marítimo, realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título, expediralles o oportuno título profesional e o seu referendo, mediante a oportuna tarxeta, aos solicitantes dos títulos de piloto de segunda da mariña mercante, oficial de máquinas de segunda da mariña

mercante, oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante, patrón de altura, patrón de litoral, mecánico maior naval e mecánico naval.

Para isto, as escolas remitirán á Dirección Xeral da Mariña Mercante a documentación que se cita no punto anterior, unha fotografía tamaño pasaporte do solicitante do título profesional, así como unha copia do documento nacional de identidade ou pasaporte e a xustificación do aboamento das taxas que correspondan.»

Corenta e un. Engádesse unha disposición adicional décimo sétima, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo sétima. *Inscrición no Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro.*

Para poder exercer as atribucións que establece o presente real decreto a bordo de buques pesqueiros, será necesario que o titulado estea inscrito no Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Corenta e dous. A disposición derradeira segunda queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase a ministra de Fomento para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto no artigo 23 sobre as probas de idoneidade e no artigo 35 en relación coa designación doutros organismos para a expedición do caderno marítimo.

Así mesmo, correspóndelles aos ministros de Fomento e de Educación, Cultura e Deportes, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto e daquelas titulacións profesionais derivadas das emendas ao Convenio STCW e, en particular, da Conferencia de Manila.»

Corenta e tres. A disposición derradeira terceira queda redactada como segue:

«Disposición derradeira terceira. *Competencias de execución.*

Facúltase o director xeral da Mariña Mercante para ditar as resolucións que poidan resultar necesarias para a execución e o cumprimento deste real decreto.

En concreto, facúltase o director xeral da Mariña Mercante para adecuar os períodos de prácticas de navegación ás disposicións derivadas das emendas ao Convenio STCW e, en particular, da Conferencia de Manila.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións, de igual ou de inferior categoría, que se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de febreiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,  
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN